Fernão Velho

Rubrica
Meus amigos, muito mi praz d'Amor
que entend'ora que me quer matar,
pois mi a mi Deus nom quis nem mia senhor,
a que roguei, de me del emparar;
e por en quanto m'el quiser matar
mais cedo, tanto lho mais gracirei.

Ca bem me pode partir da maior
coita de quantas eu oí falar,
de que eu fui, muit'i há, sofredor
– esto sabe Deus que me foi mostrar
ũa dona que eu vi bem falar
e parecer, por meu mal, eu o sei!

Ca muit'i há que vivi a pavor
de perder o sem, com mui gram pesar
que vi despois; e por en gram sabor
hei de mia morte, se mi a quiser dar
Amor, e Deus, que me fez gram pesar
veer daquela rem que mais amei.

Mais esso pouco que eu vivo for,
pois assi é, nom me quero queixar
deles: mais el seja seu traedor
se me nom mata, pois nom poss'achar
que[m] me lh'empare; e se me del queixar,
Deus nom mi valha, que eu mester hei:

ca, pois m'eles nom querem emparar
e me no seu poder querem leixar,
nunca per outrem emparado serei.

cantigas-stag.square-bit.com

© 30/10/2025